



DECRETO DE ALCALDÍA

Expediente núm.: 726/2019

Procedemento: CONTRATO DE OBRAS POR PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO - AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO NAS ZONAS DE TORTOREOS MONTE, AS NEVES (GULANS E PORQUEIRA), VIDE PRADO, ESTACIÓN, A CARRASQUEIRA, O CANEIRO, TABOEXA, MOO E AS GÁNDARAS (Proxecto número 5/2017)

ANTECEDENTES

1. Por Decreto de Alcaldía de 18 de outubro de 2019 resólvese aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado da obra **AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO NAS ZONAS DE TORTOREOS MONTE, AS NEVES (GULANS E PORQUEIRA), VIDE PRADO, ESTACIÓN, A CARRASQUEIRA, O CANEIRO, TABOEXA, MOO E AS GÁNDARAS (Proxecto número 5/2017)**, convocando a súa licitación. Asemade apróbanse os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) que xunto co Proxecto aprobado rexerán o contrato. En outro orde resólvese publicar o anuncio de licitación no perfil do contratante con toda a documentación integrante do expediente de contratación.

2. O 31 de outubro de 2019 D.Manuel Fernando Rascado, actuando en nome e representación da sociedade SETGA SLU presenta recurso potestativo de reposición fronte a aprobación do PCAP do proceso, á vez que solicita a suspensión do procedemento en curso ao abeiro do previsto no artigo 117.1º da Lei 39/2015.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 39/2015, de 2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público.
- Decreto 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servicios das Corporacións Locais.
- Lei 5/1997, de 22 de xuño, de administración local de Galicia.
- Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que apróbase o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público.





- Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2017, do 30 de outubro, de contratos do sector público.
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que apróbase o Regulamento xeral da Lei de contratos das AAPP, no que non se opoña ao RDL 3/2011.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que traspóñense ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

En relación cos antecedentes expostos o Letrado asesor municipal e a Secretaría-Interventora informan o seguinte:

I).- Canto a solicitude de suspensión cautelar deducida pola entidade SETGA SLU en outrosí di do seu recurso potestativo de reposición ao abeiro do previsto no artigo 117.2º da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común (LPAC) sobre a base da incurrancia do acto de aprobación do PCAP do proceso de contratación en curso en suposto de nulidade de pleno dereito procede advertir o seguinte:

As supostas vulneracións denunciadas no recurso, que afectan en concreto as cláusulas 9.3, 9.5 e 9.6 poderían predeterminar e conducir, de xeito indirecto, ao recoñecemento de facultades e dereitos á entidade finalmente beneficiaria do proceso de contratación aínda carecendo de requisitos esenciais, desembocando nunha eventual nulidade do proceso en licitación. Xa que logo, procedería enmarcar tales cuestións como susceptibles de determinar unha nulidade de pleno dereito ao abeiro do precisado no artigo 47.1.f) da LPAC. Un requisito que esixe o artigo 117.2º da LPAC para avaliar a procedencia de declaración de suspensión do acto administrativo.

A segunda nota que require a aplicabilidade da medida prevista no citado artigo 117.2º da LPAC e a ponderación, suficientemente razoada, entre o prexuízo que causaría ao interese público ou a terceiros a suspensión e o ocasionado ao recorrente como consecuencia da eficacia inmediata do acto recorrido. En concreto, que a execución puidese xerar prexuízos de imposible ou difícil reparación. Ao respecto cómpre advertir, en primeiro lugar, que non consta á presente data e hora a presentación de ofertas por posibles licitadores. Doutra banda, e sen prexuízo de entrar a valoración do fondo, estímase indiciariamente que os motivos expresados no recurso semellan debidamente fundamentados canto a posible prosperabilidade do mesmo, se non en todas, en parte das alegacións. Así e todo, en razón de interese público, en aras a inexistencia de terceiros afectados, atopándonos en todo caso no inicio do procedemento, e tendo en conta que a formulación e eventual estimación do recurso podería incidir esencialmente canto á seguridade e protección dos licitadores e, xa que logo, no propio interese público, estímase adoitado acceder a medida de suspensión





cautelar do proceso de contratación nos termos solicitados.

A vista

- o Dos datos e documentos que obran no procedemento.
- o Dos informes emitidos.
- o E da lexislación e planeamento aplicable.

Esta Alcaldía, en virtude das facultades previstas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVE

I) ACORDA-LA SUSPENSIÓN CAUTELAR do procedemento de licitación en curso relativa ao Proxecto de Aforro e Eficiencia Enerxética no Alumeado Público aprobada por Decreto de 18 de outubro de 2019 – expediente 726/19 - en tanto en canto non se proceda a resolver sobre o recurso presentado pola empresa SETGA SLU fronte á aprobación dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares.

Fronte a presente resolución poderán interpoñer os interesados recurso potestativo de reposición a formular fronte a esta Administración no prazo dun mes a partir da súa notificación ou, alternativamente, recurso contencioso-administrativo a formular fronte ó Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses, contados do mesmo xeito.

Asinado dixitalmente ao marxe.

